

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 25 de outubro de 2016

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 28 de outubro de 2016.
HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*.
LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 30 de setembro de 2016.
- 2.- Moción conxunta do Grupo Socialista, Democracia Ourensana e BNG sobre modificación do Regulamento Orgánico da Deputación.
- 3.- Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de xestión tributaria e recadación das taxas do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.
- 4.- Modificación dos expedientes n.º 3/2016 e 4/2016 de modificación de créditos.
- 5.- Moción do Grupo Socialista sobre a apertura do museo do viño en Santo André (Ribadavia).
- 6.- Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2016, relativa á obra da rede viaria provincial n.º 135/POS/2016 do Concello de Vilamartín de Valdeorras.
- 7.- Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2016, relativa á obra da rede viaria provincial n.º 133/POS/2016 do Concello da Teixeira.
- 8.- Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín para a prestación por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo intermunicipal do punto limpo.
- 9.- Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a Mancomunidade de municipios de Conso - Frieiras e os concellos de Viana do Bolo e A Mezquita, para a prestación por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo intermunicipal do punto limpo.
- 10.- Moción de Democracia Ourensana relativa ao traspaso de competencias sobre o pavillón municipal de deportes á Deputación Provincial.
- 11.- Moción do BNG de oposición á LOMCE e ás súas reválidas.
- 12.- Moción do Grupo Popular para a elaboración dun Plan Director do Mosteiro de San

Pedro de Rocas.

13.- Mocións de urxencia.

Apartado de control e fiscalización do goberno provincial

14.- Dación de conta do Decreto de aprobación texto convenio coa Deputación da Coruña para organización da exposición conmemorativa sobre a época e a historia das Irmandades da Fala.

15.- Dación de conta do decreto de delegación en don Pablo Pérez Pérez, deputado provincial, todas as facultades do presidente na comisión de seguimento do contrato de concesión de obra pública (Terras do Avia, Delorur e Arraiano) financiados mediante axudas FEDER.

16.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de setembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 2º de maio e 1º de agosto de 2016.

- Deputado delegado de Facenda: mes de setembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 3º de maio, 2º de xuño, 1º de xullo e 1º de agosto de 2016.

- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de setembro de 2016.

- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de setembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 1º de xullo e 1º de agosto de 2016.

17.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,